

## **CIRCULAR 09-2023.**

### **CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS MASTER**

- *A todas as delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A F.G.A. organiza o VII Campionato de Galicia de Lanzamentos Longos Master que terá lugar nas pistas de atletismo do CGTD en Pontevedra o 28 de xaneiro de 2023

**Art.2).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2023.

**Art.3).**- Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 14 mellores marcas conseguidas durante a tempada 2022.

**Art.4).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 23 de xaneiro de 2023.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 25 de xaneiro.


**Art.5).**- Entregaranse medallas aos tres primeiros/as atletas, tanto en homes como en mulleres, de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.6).**- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.7).**- Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma. Salvo a homologación do Disco Feminino que será ata as 09:10h.

**Art.8).**- Horario (provisional). O horario definitivo publicárase en función dos inscritos.

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>		
<b>XORNADA DE MAÑÁ</b>		
<b>10:00h</b>	Disco	Feminino
<b>11:30 h</b>	Disco	Masculino
<b>13:00 h</b>	Martelo	Feminino
<b>XORNADA DE TARDE</b>		
<b>15:15 h</b>	Martelo	Masculino
<b>16:45 h</b>	Xavelina	Feminino
<b>18:15 h</b>	Xavelina	Masculino



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.9).**- Cada atleta fará 4 intentos, no caso de que a inscrición o permita, poderá haber mellora ou facer 5 intentos.

**Art.10).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.11).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 10 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**